



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Idioma Moderno: Italiano	Código	613G03050	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Italiano			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado	Tucci , Emiliana	Correo electrónico	emiliana.tucci@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Formación básica na descrición da lingua italiana. Teoría e práctica do italiano.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non hai modificación dos contidos.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen No caso de as aulas se suspenderen, avisarase o alumnado das posíbeis mudanzas relativas ás metodoloxías docentes.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican No caso de as aulas se suspenderen, avisarase ao alumnado das posíbeis mudanzas relativas ás metodoloxías docentes.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado As titorías mantense no horario normal e realizaranse por correo electrónico ou por Teams, segundo as posibilidades do estudantado.</p> <p>4. Modificacións na avaliación -Proba Oral 20%. Exame oral: enviaranse unha serie de preguntas por Moodle ás cales se terán que responder cunha gravación. -Actividades iniciáis 20%. Exercicios en formato word que se entregarán por correo electrónico. Non se aceptarán outros formatos. -Presentación oral 20%. Presentación que se enviará por correo electrónico a través dunha gravación. -Proba mixta 35%. Exame escrito: enviarase o exame por Moodle o día marcado para a proba. -Sesión maxistral 5%. Asistencia e participación activa nas aulas. No caso de ter aulas por Teams, ou farase un control na plataforma ou, de non ser posíbel, asignarase o 5% a outra actividade.</p> <p>*Observacións de avaliación: Os prazos de entrega das actividades e dos exames comunicaranse a través de Moodle con antecedencia suficiente tanto na primeira como na segunda oportunidade.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título



Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer a pronunciación correcta da lingua italiana.	A5 A15	B5	C3
Saber comprender textos escritos de nivel elemental redactados nunha linguaxe estándar.	A1 A2 A5 A8 A10 A15 A19 A20 A21	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10	C3 C6 C7 C8
Saber comprender os puntos esenciais dun discurso oral cando se utiliza unha linguaxe clara e estándar.	A1 A2 A5 A10 A11 A15 A19 A20 A21	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10	C3 C4 C5 C6 C7 C8
Saber producir textos escritos breves de nivel elemental nunha linguaxe estándar.	A1 A2 A3 A5 A10 A11 A19 A20 A21	B1 B2 B6 B7	C3 C8
Coñecer as estruturas básicas da lingua italiana nos ámbitos oral e escrito necesarias para acadar un nivel lingüístico elemental.	A1 A2 A5 A10 A14 A15 A19 A20 A21	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7	C3
Coñecer o léxico básico da lingua italiano nos ámbitos oral e escrito, necesario para acadar un nivel lingüístico elemental.	A1 A5 A11 A15	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B9	C7



Saber facer fronte ás necesidades de comunicación cotiás que implicaría a estancia nunha zona de fala italiana.	A5 A15	B3 B8	C4 C6
Saber producir discursos orais breves sobre temas cotiáns ou de interese persoal e académico.	A1 A3 A5 A10 A11 A19	B1 B2 B3 B4 B5	C3 C6

Contidos	
Temas	Subtemas
1. O alfabeto. As sílabas.	1.1. Relacións fonemas-grafemas. 1.2. O acento e a entoación. 1.3. A división silábica.
2. O nome: o xénero.	2.1. Tipos de nomes canto ao xénero. 2.2. Formación do feminino.
3. O nome: o número.	3.1. Tipos de nomes canto ao número. 3.2. Formación do plural.
4. Os artigos.	4.1. O artigo determinado. 4.2. O artigo indeterminado.
5. Presente dos verbos 'essere' e 'avere'.	5.1. Paradigmas.
6. Presente de indicativo dos verbos regulares.	6.1. Desinencias e principais verbos regulares.
7. Presente de indicativo dos verbos irregulares, reflexivos e recíprocos.	7.1. 'Andare', 'fare', 'dare', 'dire', 'stare', 'volere', 'alzarsi', 'arrabbiarsi', entre outros.
8. Os pronomes persoais.	8.1. Formas tónicas. 8.2. Formas átonas.
9. Os demostrativos e os adxectivos.	9.1. Proximidade. 9.2. Afastamento. 9.3. Adxetivos de I e II grupo.
10. Os numerais.	10.1. Cardinais: do 1 ao 20, decenas, centenas, millares. 10.2. Ordinais: do primeiro ao décimo.
11. Os posesivos.	11.1. Formas de 1ª, 2ª e 3ª persoa.
12. Preposicións e contraccións.	12.1. 'A', 'di', 'in', 'da', 'con', 'senza', 'per', 'su', 'sotto', 'tra', 'fra'.
13. Os conectores.	13.1. Estudo e uso dos principais conectores.
14. Stare+gerundio; stare per+infinitivo.	14.1. Uso de stare+gerundio e stare per+infinitivo.
15. O futuro de indicativo.	15.1. Desinencias e principais verbos.
16. Estruturas lingüísticas.	16.1. Fórmulas de saúdo e presentación. 16.2. Pedir información e indicar unha dirección. 16.3. Facer unha descrición.
17. Esferas de léxico.	17.1. Familia e vivenda. 17.2. Hora, data, días da semana, meses, estacións. 17.3. Cores. 17.4. Nomes de países e xentilicios.
18. Cultura italiana.	18.1. Xeografía e cultura das rexións italianas. 18.2. Textos básicos da literatura italiana. 18.2. La música. 18.3. Arte italiana
19. Introducción á metalinguaxe das redes sociais.	19.1. O léxico e a metalinguaxe de Facebook, Instagram, WhatsApp, etc.

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A3 A5 A11 B5 B7 C7	14	21	35
Discusión dirixida	A1 A5 A10 A15 A19 B5 B8 C6 C8	5	15	20
Lecturas	A2 A10 B2 B4 B8 B10 C4 C7	6	6	12
Prácticas a través de TIC	A11 A19 B5 B9 C4	4	8	12
Presentación oral	A1 A5 A10 A15 A19 B4 B8 C5	0.5	4	4.5
Proba mixta	A2 A10 A15 A19 C4	4	32	36
Proba oral	A1 A3 A10 B3 B6 B9 C3	1	3	4
Actividades iniciais	A1 A3 A10 B1 B7	10	14.5	24.5
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Clases teóricas e prácticas impartidas polo profesor sobre os contidos da materia.
Discusión dirixida	Participación do alumnado nun tema de debate suscitado polo profesor, segundo pautas previamente marcadas por este.
Lecturas	Realización de lecturas fóra e dentro da aula.
Prácticas a través de TIC	Prácticas a través de TIC para o coñecemento e manexo de recursos, bibliografía e programas relacionados coa materia.
Presentación oral	Exposición breve na aula dun tema proposto polo profesor.
Proba mixta	Realización dunha proba con preguntas de tipo diverso que permita avaliar os coñecementos e competencias adquiridos polo alumnado.
Proba oral	Realización dunha proba oral que permita coñecer os avances do alumnado nos coñecementos e competencias da lingua falada.
Actividades iniciais	Contan como actividades iniciais participación na aula (audicións, lecturas, comprensión oral...), exercizos en casa e nas aulas e a participación nas actividades programadas relacionadas coa materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Proba oral Actividades iniciais Lecturas Discusión dirixida Presentación oral	A atención personalizada pode variar en función do tipo de metodoloxía empregada: no caso da aprendizaxe colaborativa, da discusión e da exposición oral dirixida realizarase no marco da aula, de xeito que o tempo de atención se dividirá entre todos os alumnos, mentres que nas probas orais será individual. Tamén se programarán sesións de tutoría individualizada ao longo do curso.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba oral	A1 A3 A10 B3 B6 B9 C3	Avaliarase os coñecementos e competencias relativos ao nivel falado da lingua.	20
Actividades iniciais	A1 A3 A10 B1 B7	Considerase actividades iniciais o conxunto das seguintes actividades: exercizos en clase, participación nas aulas, lecturas, audicións e participación nas actividades programadas relacionadas coa materia.	20



Presentación oral	A1 A5 A10 A15 A19 B4 B8 C5	Avaliarase tanto a elaboración da presentación, coma o grao de corrección lingüística acadado a nivel oral e a capacidade para interesar e facer participar ao resto dos compañeiros.	20
Proba mixta	A2 A10 A15 A19 C4	Proba escrita con preguntas de diverso tipo para avaliar os coñecementos e as distintas competencias acadadas.	35
Sesión maxistral	A3 A5 A11 B5 B7 C7	Valorarase a asistencia ás aulas e a participación activa, segundo a seguinte escala: número de faltas inferior ao 5%, 100% da cualificación; faltas entre o 5 e o 10%, 50% da cualificación; máis do 10% de faltas, 0 puntos. A nota resultante nos dous primeiros casos poderá ser obxecto de matización (ata un 20% á baixa) se a participación do alumno non foi axeitada.	5

Observacións avaliación

Cráterios de avaliación: na primeira oportunidade, o alumno ten que cumprir as seguintes condicións: Aprobar o conxunto da Proba mixta e da Proba oral. Facer polo menos a metade das actividades propostas na avaliación. Non se terán en conta as actividades entregadas fóra de prazo. Considerarase como Non Presentado aquel alumno que non se presente ás Probas mixta e oral. Os exercicios terán que entregarse o último día de clase. A exposición oral realizarase nas últimas horas da clase do venres (poden ser dúas o máis semanas, según a cantidade de alumnos. Neste caso realizarase a proba en orden alfabético). Estas datas poden variar. Faranse oficiais nas clases.

Na segunda oportunidade se o alumno aprobou o conxunto das probas mixta e oral so terá que completar as actividades restantes. Os exercicios poderán entregarse até o día do examen. Non se aceptarán exercicios fora deste prazo. A exposición oral se realizará o mesmo día do examen. Se o alumno non aprobou o conxunto das probas mixta e oral terá que repetilas na sesión de xullo. No caso de non ter feitas o suspensas as demais actividades tamén terá que repetilas. Ao comezo do curso darase un calendario de entrega dos traballos e as diferentes actividades da avaliación.

Os alumnos con dispensa académica de asistencia e a tempo parcial deberán presentarse ao comezo do curso para recibir indicacións sobre como aprobar o exame, e recibir avaliación continua ao longo de todo o curso. Terán que examinarse nas datas oficiais como o resto dos alumnos e entregar ou realizar o resto das actividades nunha data a convir coa profesora.

No caso de ter alumnos na convocatoria de decembro, o alumnado terá que superar as mesmas probas da convocatoria de xaneiro coa mesma porcentaxe.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Nocchi, Susanna (2011). Nuova grammatica pratica della lingua italiana. Hueber, Alma Edizioni - Guastalla, Carlo y Ciro Massimo Naddeo (2010). Domani. Corso di lingua e cultura italiana. Firenze, Alma Edizioni - Cittadini, Roberto y Marzia Trotta (2006). Benvenuto! L'italiano per il lavoro e la vita quotidiana . Milano, Hoepli - Sañé, Secundi (2009). Il Dizionario spagnolo-italiano. El diccionario italiano español. Bologna, Zanichelli, Vox - Arbia, María Teresa (2006). Italiano: gramática esencial. Barcelona, Difusión - Bertoni, Silvia y Susanna Nocchi (2004). Le parole italiane. Esercizi e giochi per imparare il lessico. Firenze, Alma Edizioni - Carrera Díaz, Manuel (1994-1997). Curso de lengua italiana. Barcelona, Ariel - Arbia, Maria Teresa (2006). Italiano: gramática esencial. Barcelona, Difusión
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Zingarelli, Nicola (2009). Lo Zingarelli. Vocabolario della lingua italiana. Bologna, Zanichelli - Luigi, Pavia (1927). Gramática sucinta de la lengua italiana con ejercicios de versión y trozos de lectura. Heidelberg, Julio Groos - Diaco, Mimma (2005). Verbos conjugados: italiano. Barcelona, Difusión - (2006). Vocabulario básico del italiano: más de 4000 palabras y expresiones organizadas por temas. Barcelona, Larousse - (1994). Come parlano gli italiani. Firenze, La Nuova Italia. - (1997). Dizionario italiano Sabatini Coletti. Firenze, Giunti - (1993). Italiano Junior. Dizionario della lingua italiana. Milano, Loescher

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma Moderno: Italiano/613G01050

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías